

CARRERAS

2.º cuatrimestre
2020/2021
Campus Remoto

- _ Edición de vídeo e son dixital para a web
- _ Tradución asistida: MemoQ
- _ Análise de datos: Excel
- _ Programación: Scratch e Arduino
- _ Cálculo científico: Matlab
- _ Fundamentos de deseño: Autocad
- _ Programación: Python
- _ Ofimática: Microsoft Office
- _ Xestión de proxectos: Microsoft Project
- _ Impresión 3D

Inscripción: campusactivo.uvigo.gal

Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

e-DESTREZAS

2.º cuatrimestre
2020/2021
Campus Remoto

_ Edición de vídeo e son dixital para a web
_ Tradución asistida: MemoQ
_ Análise de datos: Excel
_ Programación: Scratch e Arduino
_ Cálculo científico: Matlab
_ Fundamentos de deseño: Autocad
_ Programación: Python
_ Ofimática: Microsoft Office
_ Xestión de proxectos: Microsoft Project
_ Impresión 3D

Inscripción: campusactivo.uvigo.gal

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de
Captación de Alumnado,
Estudantes e
Extensión Universitaria



Programa de formación orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da Universidade de Vigo.

Fundamentos da edición de vídeo e son dixital para a web

Neste curso a actividade formativa busca fornecer a/o asistente en técnicas de produción de vídeo e son dixital, a través do emprego de ferramentas libres e recursos de publicación web da Universidade de Vigo. Durante a formación poñeranse en práctica técnicas relacionadas coa edición de vídeo e son dixital, ademais de realizar pezas audiovisuais para colgar na web.

- Do 4 de febreiro ao 5 de marzo
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os xoves e os venres, de 16.00 a 20.00 h (40 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Introdución ás ferramentas de tradución asistida por ordenador, MemoQ

Este curso pretende dotar ao alumnado dos fundamentos básicos relacionados co programa de tradución asistida por ordenador MemoQ e coñecer a súa interface, terminoloxía, proxectos e memorias de tradución relacionadas con el. O curso tratará diferentes conceptos básicos como a distinción entre a tradución automática (TA) e a tradución automática asistida por ordenador (TAO), os programas de tradución asistida por ordenador máis empregados na actualidade e os fundamentos básicos do programa. Os obxectivos do curso son coñecer e saber traballar coa interface, cos proxectos, memorias e terminoloxía de tradución, e as diferentes posibilidades de uso de MemoQ.

- Do 4 de febreiro ao 11 de marzo
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os xoves, de 15.00 a 20.00 h (30 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel

Tras este curso, o estudiantado sentirase familiarizado co uso da ferramenta ofimática Excel. Traballaranse conceptos relacionados con operacións e funcións básicas e avanzadas, gráficos, análise de datos, vinculación con outras ferramentas de Office etc.

- Do 5 de febreiro ao 12 de marzo
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 10.00 a 14.00 h, e o xoves 11 de marzo, de 16.00 a 20.00 h (28 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Iniciación á programación con Scratch e Arduino

Este curso pretende transmitir os conceptos básicos da programación para principiantes no campo. Iniciarase o estudiantado nunha linguaxe de programación sinxela e visual. Trataranse conceptos básicos como variables, constantes, fluxo de control etc. Tamén se aplicarán os coñecementos adquiridos na programación de Arduino.

- Do 5 de febreiro ao 12 de marzo
- Sala do profesorado do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 15.00 a 20.00 h (30 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Fundamentos e cálculo científico con Matlab

Tras esta formación, os/as estudantes estarán familiarizados co *software* científico Matlab e o seu ámbito de traballo. Traballaranse, entre outros, conceptos relativos á contorna de usuario/a, comandos, variables, vectores, matrices, gráficos, arquivos, *scripts* e funcións.

- Do 5 de febreiro ao 9 de abril
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 10.00 a 13.00 h (24 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Fundamentos de deseño Cad con Autocad

Este curso pretende dotar o alumnado dos fundamentos de deseño 3D, de forma colaborativa. Trataranse conceptos relacionados coa elaboración de esbozos, planos, ensamblaxes, etc.

- Do 19 de febreiro ao 23 de abril
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 15.30 a 20.30 h (40 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Python para principiantes

Python é unha linguaxe de programación de alto nivel que goza dunha gran popularidade debido á súa sinxela sintaxe e á variedade de sectores nos que se utiliza. Esta acción formativa está concibida para introducir na programación en Python tanto a persoas que saben programar noutras linguaxes coma quen non ten coñecementos previos sobre a programación. Trataranse conceptos como sintaxe básica, tipos de datos, control de fluxo, funcións ou programación orientada a obxectos, desde un enfoque eminentemente práctico.

- Do 1 ao 25 de marzo
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os luns e os xoves, de 16.00 a 21.00 h (40 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Fundamentos de ofimática

Curso introdutorio a Microsoft Word e Microsoft PowerPoint que lle permite ao alumnado iniciarse no aproveitamento das súas funcionalidades avanzadas, independentemente da súa rama de coñecemento. Ademais, introdúcense as funcionalidades avanzadas de Microsoft Outlook. O alumnado poderá dispoñer dos coñecementos necesarios para realizar e presentar un TFG/TFM de aspecto e de estrutura profesionais a través das ferramentas dispoñibles no paquete de Microsoft Office.

- Do 26 de marzo ao 7 de maio
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 10.00 a 14.00 h, e o xoves 6 de maio, de 16.00 a 20.00 h (28 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Aplicación práctica dos conceptos da xestión de proxectos usando Microsoft Project

Este curso ten como obxectivo, a través dun enfoque totalmente práctico, afondar no uso de Microsoft Project 2013 (ou superior) aplicando os conceptos básicos da metodoloxía de xestión de proxectos do PMI baseada no PMBok.

- Do 27 de marzo ao 8 de maio
- Sala e-Destreza do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os sábados, de 10.00 a 14.00 h (20 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Introdución práctica á impresión 3D

O curso ten por obxectivo dotar o alumnado dos coñecementos da tecnoloxía de impresión 3D necesarios para deseñar e fabricar as súas propias pezas en 3D; presentar as novas ferramentas de impresión 3D FDM; ensinar a montar unha impresora 3D desde cero e recoñecer os elementos que a compoñen, así como identificar os problemas habituais de funcionamento e como corríxilos.

- Do 26 de marzo ao 7 de maio
- Sala do profesorado do Campus Remoto da Universidade de Vigo
- Os venres, de 15.00 a 20.00 h (30 h presenciais a través do Campus Remoto)
- Inscripción de balde

Información

Sección de Extensión Universitaria
Campus universitario
36310 Vigo
edestrezas@uvigo.gal

Inscripción
campusactivo.uvigo.gal